

Ribeira Sacra acada 19 Gran Ouros, 161 Ouros e 44 Pratas na Guía de Viños de Galicia 2021

O xoves, 17 de decembro, cata Ribeira Sacra, O viño deste Nadal

Alejandro Paadín, coautor da *Guía de Viños, Destilados e adegas de Galicia* presentaba este venres, 11 de decembro, na D.O. Ribeira Sacra, a Guía de Viños de Galicia 2021. A D.O. Ribeira Sacra conta nesta Guía con 19 Medallas de Gran Ouro, das que todas corresponden a viño tinto e 1 branco, 161 medallas de Ouro e 44 medallas de Prata.

Recibe ademais **6 Trofeos Ampelos**, estes premios outórganse ás adegas cando obteñen 5 Grandes Ouros, sendo un recoñecemento ao esforzo, a constancia e a excelencia. "Trátase dun selo de garantía das adegas, este recoñecemento amosa que a adega é capaz de facer de modo recorrente viños da calidade," sina Paadín. Consiguen o Ampelos: **Adegas Moure, Algueira, Ernesto Rodríguez Pérez, Finca Míllara, Jorge Feijoo González e Roberto Regal López.**

Así valoraba Alejandro Paadín a representación da D.O. Ribeira Sacra nesta edición da Guía "A Ribeira Sacra sae moi ben parada como todos os anos. Estanse apuntalando moitísimo os temas de colleitas e de parcela, moitos viños que veñen de parcelas con moita personalidade e permiten que os viños teñan Gran Ouro. Ribeira Sacra é das comarcas de Galicia onde a relación calidade prezo está moi equilibrada e por riba da media."

Ribeira Sacra **GRAN OURO Guía 2021:**

- Abadía da Cova Pena Fión 2018
- Abadía da cova Xuno 2018
- Algueira Pizarra 2015
- Algueira carravel 2016
- Almalarga 2019
- Gaios 2015

- Cividade Edición Limitada José Vero 2018
- Don Bernardino 4 generación 2016
- Viña Peón 2019
- D'Fris 2017
- Ribeira de los Naranjos 2018
- VS Cuco 2017
- Adega Vella Tradición 2018
- Sabatellus Craballo 2017
- Instinto Romano 2019
- Prómene Barrica 2018
- Expresión Histórica 2015
- Adobe 2019
- Gaela Os Queixeiros 2017

Cata Ribeira Sacra, o viño deste Nadal

A D.O. Ribeira Sacra está inmersa na campaña “*Ribeira Sacra, o viño deste Nadal*”. Este xoves comezaban as catas virtuais que imparte a **sumiller, Mercedes González Rodríguez**. No mes de xaneiro prepáranse dúas novas catas, pero a seguinte cita será o **xoves 17 ás 19.00h**.

As catas desenvolveranse por streamig (**Zoom, Youtube, Facebook, Instagram**). A participación na cata é aberta e de balde, pero é necesario inscribirse no correo comunicacion@ribeirasacra.org ata 24 horas antes da cata. Unha vez inscritos obterán a ligazón de Zoom e das redes sociais para poder seguir a cata e deixar as súas preguntas ou comentarios sobre cada viño.

Os viños que se catarán o día 17 son:

- **Finca Cuarta** godello 2019 de Rubén Moure
- **Brandán** godello 2019 de Algueira
- **Décima** Mencía 2019 de José Manuel Rodríguez González
- **Casa Moreiras** Mencía 2019 de Casa Moreiras
- **Adegas dos Beizos** Mencía 2019 de Óscar González Rodríguez
- **Mouro** Mencía 2019 de Belarmino Compañía de Vinos
- **Rectoral de Amandi** Mencía barrica 2017 de Rectoral de Amandi
- **Muras do Fortes** Mencía 2019 de J. Antonio Fortes López
- **Saíñas** Mencía 2019 de Javier Fernández
- **Sete Tolos** barrica Mencía 2017 de Víctor Manuel Rodríguez.